



SÍGUEME

TEN 6 OPCIÓNS:

ATENCIÓN: Preséntanse unha serie de secuencias animadas (espirais, círculos, liñas...) que teñen como obxectivo captar a atención a través de estímulos visuais e auditivos.

VÍDEO: Para adestrar a atención visual a través de secuencias de vídeos reais e en 3D. Esta fase representa elementos da vida diaria divididos en escenarios (ex. Supermercado), contornas (ex. Alimentación) e áreas (ex. Zona lácteos).

IMAXEN: Incrementábase a abstracción presentando os mesmos elementos que na fase anterior en forma de imaxes con animacións sinxelas. Estas imaxes represéntanse dentro do contexto ao que pertencen.

DEBUXO: Paso da imaxe real (fotografía) ao debuxo en cor e en branco e negro. Trabállase a equivalencia entre un mesmo concepto representado como fotografía, debuxo e silueta en escala de grises.

PICTOGRAMAS: Faise un repaso das fases previas e introdúcese por primeira vez os pictogramas, para aprender a recoñecelos e traballar na xeneralización de conceptos. Potencia a representación mental e a comprensión lingüística.

XOGOS: Diferentes xogos onde se traballa o recoñecemento de conceptos e a ordenación segundo criterios de similitude, cor e funcionalidade; usando todas as modalidades traballadas (fotografías, debuxos, pictogramas...).

